

**Cambio de roupa=xornada efectiva. Por suposto!**

Martes, 09 Setembro 2014 21:25

---



## O GOBERNO GALEGO E A CONSELLARÍA DE SANIDADE

### SEGUEN AGRAVIANDO AS/OS TRABALLADORAS/ES DA SANIDADE PÚBLICA

O día 18 de agosto do 2014 publicouse no DOG unha Resolución da Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, que dita as instrucións pertinentes de desenvolvemento da Orde do 20 de decembro de 2013 sobre horarios e xornada de traballo das/os empregadas/os públicas/os da Comunidade Autónoma.

No articulado da Resolución de agosto do 2014 recóllese:

- Control horario:

Tempo para efectuar a fichaxe. *“De conformidade co establecido no artigo 6.6 da orde, diariamente a persoa disporá de 10 minutos para efectuar a fichaxe de entrada e saída, que se computará como tempo de traballo efectivo, ao ser a estimación do tempo medio que se precisa para preparar o equipamento, acceder á aplicación Kronos e efectuar a fichaxe”.*

Desde **CIG-SAÚDE** congratulámonos desta medida, xa que se debe de computar como tempo de traballo efectivo todo o tempo que o/a traballador/a pón a disposición da empresa, mais...

## O tempo dos relevos ou de muda de roupa tamén son xornada efectiva

As/Os traballadoras/es do SERGAS non podemos seguir a ser castigadas/os por este goberno, e exiximos que se negocie de inmediato na Mesa Sectorial a compensación horaria para computar como tempo de traballo efectivo o tempo que o persoal do SERGAS emprega en:

- transmitir a información nos cambios de quenda, actividade fundamental na prestación de servizo sanitaria
- cambio de vestimenta polo uniforme regulamentario
- e, ao igual que ao persoal da Administración Autonómica, tempo que se precisa para preparar os equipamentos informáticos

O tempo total que o persoal do SERGAS emprega na prestación de servizo debe ser considerado como xornada efectiva. O persoal do SERGAS tamén somos traballadoras/es públicas/os, non podemos ser tratados como sendo só o persoal dos recortes e da perda de dereitos laborais e sociais.

**CIG-SAÚDE** exige que no computo de xornada anual se compute como xornada efectiva a totalidade do tempo de prestación de servizo. Ao igual que o resto de compañeiras e compañeiros da Administración Pública

**Cambio de roupa=xornada efectiva. Por suposto!**

Martes, 09 Setembro 2014 21:25

---